

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

#### 2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión extraordinaria o próximo día 31 de xullo de 2024, ás 13.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 30 de xullo de 2024, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 8026, 12/LGNF-000001).

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2024  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros en relación coa Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2024, pola que se admite a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias que achega o certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira e solicita a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 8026).**

Advertido un erro na citada publicación, no BOPG número 55, do 29 de xullo, procédese á súa corrección coa publicación co documento con número de rexistro 8026, remitido pola Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2024  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior

**Corrección de erros na Resolución do 29 de xullo de 2024, do presidente do Parlamento, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade.**

Advertido un erro na citada resolución, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 55, do 29 de xullo de 2024, procédese á súa corrección nos seguintes termos:



Na páxina 46963, onde di:

41	BARRAL SALCEDO	MIGUEL	***0602**
----	----------------	--------	-----------

Debe dicir:

41	BARRAL SALCEDO	SANTIAGO	***0602**
----	----------------	----------	-----------

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

